

**Asunto: Listaxe proxectos seleccionados 2ª fase**  
**Procedemento: IN855A Programa Ignicia proba de concepto**

O artigo 14 da Resolución do 9 de febreiro de 2021 pola que se establecen as condicións xerais do Programa Ignicia proba de concepto e se procede á súa convocatoria (DOG nº 34 do 19 de febreiro de 2021) establece que a avaliación dos proxectos presentados á fase de maduración efectuarase en dúas etapas sucesivas, tendo a primeira das mesmas carácter excluínte, de xeito tal que o paso á segunda avaliación, requirirá a superación satisfactoria da primeira.

Na primeira avaliación e preselección comprobouse a adecuación dos proxectos que se presentaron aos obxectivos do Programa Ignicia proba de concepto, así como os restantes requisitos considerados mínimos para poder optar ao financiamento. De acordo co informe elaborado na sesión do 10 de xuño de 2021 polo Comité de Investimentos, esta fase foi superada por 25 proxectos.

Na segunda fase realizouse unha avaliación exhaustiva e en detalle de cada un dos proxectos que superou satisfactoriamente a primeira avaliación, tanto de aspectos técnicos, como de viabilidade económica e comercial. Para esta avaliación contou coa colaboración do persoal experto de Oxentia, Ltd. referente a nivel mundial no ámbito da transferencia de tecnoloxía. Esta segunda avaliación inclúe a emisión dun informe de avaliación en termos de protección, propiedade e maduración tecnolóxica, que será remitido de xeito individual a cada entidade solicitante.

Segundo se indica no artigo 14 da convocatoria, á vista destes informes, o Comité de Investimentos realizará a selección definitiva daqueles proxectos que pasarán ao proceso de elaboración do plan de desenvolvemento e comercialización para a súa proposta á fase de investimento, entendéndose como tales aqueles que acaden unha puntuación mínima de 70 puntos.

En virtude do anterior, o Comité de Investimentos previsto no artigo 13 da convocatoria, en reunión de data 28 de xullo de 2021, acordou que os proxectos seleccionados para pasar ao proceso de elaboración do plan de desenvolvemento e comercialización para a súa proposta á fase de investimento son (por orde de expediente):

Nº expediente	Entidade beneficiaria	Acrónimo
IN855A 2021/04	UNIVERSIDAD DE VIGO	CELIA
IN855A 2021/06	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	TRAFFIKGENE
IN855A 2021/09	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	ECOBONE
IN855A 2021/11	UNIVERSIDAD DE VIGO	SURFACORN
IN855A 2021/13	FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS	CANTHER
IN855A 2021/26	ASOCIACIÓN DE INVESTIGACIÓN METALÚRGICA DEL NOROESTE	FRONTIER
IN855A 2021/27	FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA	SENSE_UAV





XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPRESA E INNOVACIÓN

Rúa Airas Nunes, s/n  
15702 - Santiago de Compostela  
Telf. 981 541 072  
web: gain.xunta.gal



Estamos á vosa disposición para resolver calquera dubida ou aclaración sobre o programa nos teléfonos 981 541 073 e 981 541 076, no enderezo electrónico [servizos.gain@xunta.gal](mailto:servizos.gain@xunta.gal), ou mesmo presencialmente na Axencia Galega de Innovación, rúa Airas Nunes s/n (CNTG), en Santiago de Compostela.

A directora da Área de Servizos da Axencia Galega de Innovación  
Patricia Fernández Liz

